



FAQ

Máster oficial en Traducción Multimedia

Referencia 32

Nombre **Alchemy Catalyst**

Ayuda alumnado Veiga Alonso, Serxio

E-mail alumnado serxioveiga@gmail.com

FAQ-1 [¿Cales son os arquivos que teñen a extensión CHM e que relación podemos establecer entre o formato e o programa informático Alchemy Catalyst?](#)

Resposta FAQ-1 CHM é un formato propietario que se usa normalmente para os arquivos de axuda en liña de programas informáticos. Coñécese tamén como Compiled HTML Help, xa que consta de moitos arquivos HTML ligados entre si e optimizados para a lectura, con tablas de contidos, preguntas frecuentes ou titoriais. Alchemy Catalyst permite editar e traducir directamente estes arquivos CHM sen termos que ir editando un a un os centos de HTML soltos que poden formar o arquivo CHM. Só temos que abrir o arquivo HHP (HTML Help Project) no que estaría o arquivo CHM e poderíamos empezar a traducir sen máis quebradeiros de cabeza.

FAQ-2 [Son un usuario novo de Alchemy Catalyst e conservo no meu computador moitas memorias de tradución en diferentes formatos que fun gardando ao longo de anos de traballo. Podo utilizalas con Alchemy Catalyst?](#)

Resposta FAQ-2 Si, posto que Alchemy Catalyst soporta a gran maioría de memorias de tradución existentes, como poden ser as de GlobalLink, as TMW de Trados, ou as de WordFast, entre outras. Alchemy Catalyst soporta tamén estándares como TMX, TBX ou XLIFF, co que a compatibilidade entre as diferentes ferramentas é moi alta.
